



## Concello de Xermade

---

### **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “MUXER: MULLER DE XERMADE” PARA CONMEMORAR O 8 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER DO ANO 2021. EXPTE 106/2021.**

#### **1. Participación.**

Poderán concursar todas as persoas empadroadas no concello.

#### **2. Temática.**

As fotografías deben estar ubicadas no concello de Xermade e tratar, dacordo co día que se conmemora, escenas da vida da muller xermadesa, trasmitindo unha participación activa das mulleres na sociedade e promovendo a igualdade.

#### **3. Inscripción.**

Para participar será necesario enviar ó Whatsapp da Educadora familiar (678 744 178) o seguinte:

- Nome da persoa participante e número de DNI.
- 3 fotografías como máximo por participante.
- Certificado de conta da persoa participante ou algún recibo bancario onde se poda ver o nome e o número de conta (poden omitir e/ou borrar datos económicos).

#### **4. Período de presentación.**

O prazo para a presentación é ata as 23.59 horas do 8 de marzo de 2021.

#### **5. Premios**

- Primeiro premio: diploma e 300 euros.
- Segundo premio: diploma e 200 euros.
- Terceiro premio: diploma e 100 euros.

#### **6. Xurado.**

O xurado estará composto por tres membros designados previamente e vencellados ao eido da cultura e presidido pola Concelleira de Benestar social e Igualdade, actuando de secretaria a educadora familiar do Concello.

O xurado reserva para si o dereito a non admitir aquelas fotografías que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade e/ou a orde pública.

Terá facultades plenas para decidir as persoas gañadoras e a súa decisión será inapelable, e poderá declarar deserto algún dos premios se así o considera.

A súa composición farase pública canda a resolución do premio.

---

### Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 9L45WYTQ4FL5NS3SX4G96SR3 | Corrección: https://concelloxermade.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello de Xermade

---

### 7. Comunicación do resultado do certame.

A decisión do xurado darase a coñecer antes do 14 de marzo de 2021 na web do concello e redes sociais do mesmo.

### 8. Entrega de premios.

Os premios serán aboados mediante transferencia bancaria no número de conta facilitado por cada persoa participante.

### 9. Publicación.

A organización do concurso publicará as fotografías recibidas nas redes sociais. Coa participación neste concurso, as persoas responsables das fotografías autorizan ó Concello de Xermade á difusión das mesmas, así como do nome da persoa creadora das mesmas nos medios que se consideren oportunos.

### 10. Tratamento de datos persoais.

O Concello de Xermade comprométese a tratar en todo momento os datos de carácter persoal dacordo coas finalidades previstas nas presentes bases, entre outras, levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

### 11. Aceptación.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso. As presentes bases e os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>). “

#### **DILIXENCIA:**

***Faise constar que as presentes bases, que constan dun total de 2 páxinas, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar o 24/02/2021.***

***En Xermade, na data da sinatura dixital.***

***A secretaria-interventora***

***María Cristina Varela García***

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 9L45WYTQ4FL5NS3SXE4G96SR3 | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2